

**CONCELLO
DE VIGO**



**VIGO
EN GALEGO**

CURSO DE AUGA DOCE

SÁBADO 14 DE ABRIL

ÁS 11.00 H DIANTE DA CAPELA DE STO. AMARO
(MATAMÁ)

PERCORRIDO DO CURSO DA AUGA

(ABERTO A PERSOAS QUE NON FIXERAN O CURSO)

Matamá é unha das parroquias de Vigo que mellor conservan a súa condición rural. O urbano penetra nela diluíndose entre os signos da identidade rural. O rueiro, o hábitat e o xeito de vida das veciñas e veciños do lugar conxugan as vantaxes de vivir nas marxes da cidade coa calidade de vida e os costumes propios dunha comunidade estreitamente vencellada ao territorio. Unha boa mostra disto é o patrimonio conservado e posto en valor grazas ao esforzo da veciñanza nos últimos anos, e para nos achegarmos a el é que faremos o vindeiro sábado un percorrido polos muíños da parroquia e a súa contorna. A unha semana da Festa da Sementeira, desde o SNL iremos quentando motores no tramo final do Curso da Auga, para coñecer, da man de guías locais, a historia e as manifestacións culturais máis sobranceiras dunha parroquia viguesa estreitamente vencellada á terra e aos ríos que a atravesan, tanto os que levan auga coma os que, desde o pasado máis remoto, traen ata nós unha cultura popular e milenaria.